

QUE É A TAE?

A **TAE** é a **taxa anual equivalente**.

Axúdache a saber canto che custa un crédito ao ano.

Inclúe:

- O TIN, o xuro do préstamo.
- Outros custos e comisións que hai que pagar.

Por que é importante a TAE?

A TAE axúdache a comparar diferentes créditos e saber cal é o que máis che interesa ou che convén.

Cando máis baixa sexa a TAE, máis barato será o crédito.

Exemplo: comprar unha bicicleta eléctrica

Imaxina que queres comprar unha bicicleta eléctrica que costa 3.000 €.

Ofrécenche 2 créditos ao consumo para pagala.

Primeiro crédito ao consumo:

- TIN do 10 %
- Gasto de 65 € por estudar e formalizar o crédito
- TAE do 15 %
- Total a pagar: 3.230 €

Segundo crédito ao consumo:

- TIN do 10 %
- Non hai comisións nin custos extras
- TAE do 10,50 %
- Total a pagar: 3.165 €

Cal das 2 opcións é mellor?

A segunda opción é mellor porque pagarás menos diñeiro.

Aínda que o TIN é o mesmo,
a TAE é máis baixa porque non hai custos extras.

Lembra:

Sempre mira a TAE para saber canto pagarás en total.

